

V Encontro de Gaiteiros
MANUEL VILLANUEVA
gaitas de fol do noroeste



www.concellodepoio.es / 986 77 00 01

www.paidacana.com / 626 825 442

promove



Concello de Poio

organiza

paidacana
asociación cultural



V Encontro de Gaiteiros
MANUEL VILLANUEVA
gaitas de fol do noroeste

5 e 6 de xuño de 2010 ~ Poio

Programa

Sábado, 5. CASAL DE FERREIRÓS. SAN SALVADOR

11:30 h RELATORIO

Las edades de la gaita. Dr. Javier Campos Calvo-Sotelo.

O autor tratará de sintetizar o proceso histórico de xestación primeira, expansión e impacto social engadido, e virtual defunción contemporánea inicial seguida do formidable movemento de resurrección a finais do s. XX, que caracterizan as grandes etapas do devir da gaita no ámbito occidental, como se, efectivamente, da secuencia de idades progresivas dun ser vivo se tratara.

12:30 h PRESENTACIÓN

Presentación CD VI Concurso de Gaiteiros MANUEL VILLANUEVA.

Actuación de Albor (Pedro Álvarez, Ramón Corral e Miguel Souto), conxunto gañador da VI edición.

13:00 h EXPOSICIÓN DE PINTURA

Inauguración *Manuel Villanueva, o Gaiteiro de Poio*, de Álvaro Novogil coa intervención de Manuel Orío Ávila, escritor, crítico, periodista e músico.

J. Álvaro Novogil "Alvarelos" establece un diálogo músico-cromático, entre os gaiteiros tradicionais das Rías Baixas, con gaita tombal con ronquillo en pechado, acompañados por redobranche e bombo, e un crisol de ritmos cromáticos, cos que trata de reflexar a música tradicional galega, en definitiva, a Galicia.

17:00 h - 20:00 h CURSO DE GAITA

ESCOLA DO CAMPO (Carreiro do Campo, 17). **COMBARRO**
A gaita moderna: técnica e interpretación. Paulo González.

Domingo, 6. CASAL DE FERREIRÓS. SAN SALVADOR

11:00 h - 14:00 h e 17:00 h - 20:00 h CURSO DE GAITA

A gaita moderna: técnica e interpretación. Paulo González.

CURSO DE GAITA

A gaita moderna: técnica e interpretación

Unha revisión, unha segunda ollada sobre a gaita, esta vez desde un lugar distinto, tal vez un outeiro de máis altura, é o que propomos neste curso. Revisión inevitábel, incontornábel, no momento de tocar determinado repertorio, sexa este aquel que virá, xa instalado na estética contemporánea, sexa aquel que xa foi, aquel feito dentro da música erudita especificamente para este instrumento. E, diríamos aínda, revisión necesaria se pretendemos colocar a gaita en calquera ambiente artístico, sexa cal fora o repertorio.

CONTIDO

Novas ferramentas de articulación

Extensión sonora do instrumento. Rexistros, cambios de rexistro

Dixitación e a súa relación con:

- dinámica
- timbre
- espazo microtonal
- multifónicos

Aplicación práctica

- música barroca
- música de vangarda

Durante a aplicación práctica os asistentes poderán participar dunha maneira activa ou pasiva, coma ouvintes. Para este apartado o profesor facilitará unha serie de obras a través das que se aplicarán os recursos explicados. Co fin de coñecer mellor cales son os intereses e as problemáticas reais coas que se atopa un gaiteiro actual á hora de interpretar calquera repertorio posible, o curso concíbese dende unha perspectiva aberta e de interacción profesor-alumno, polo que animamos aos asistentes a levar propostas de obras concretas coas que traballar.

PROFESOR. Paulo González. Licenciado en Música Antiga, diplomado en Educación Musical e profesor de gaita no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa.

INSCRICIÓN. Enviando un correo a paidacana@hotmail.com indicando nome e apelidos, DNI, correo-e e teléfono, e máis adxuntando o xustificante bancario.

PREZO: 40 euros.

CONTA BANCARIA. Caixanova 2080 0406 93 0040130207.